

# CON MÁIS CIG, TI ES MÁIS FORTE AFÍLIATE Á CIG-SAÚDE!

A **CIG-Saúde** é a **Federación de Sanidade da CIG** e ocúpase de todos os asuntos sindicais que se producen no sector da Sanidade.

Como federación integrada na CIG practicamos un **sindicalismo nacionalista e de clase**, baseado no principio de solidariedade e cunha acción sindical global, na que procuramos non só a defensa da clase traballadora, senón tamén a consecución dun proxecto de emancipación nacional, para que a clase traballadora galega sexa liberada dobremente, como clase e como pobo galego.

Os nosos obxectivos principais, ademais dos comúns para toda a CIG, son os establecidos nos estatutos da **CIG-Saúde**:

- a) A defensa do **dereito á protección e promoción da saúde integral** das/os galegas/os.
- b) A defensa do carácter de **servizo público da atención de saúde**, e por tanto a consolidación dun sistema sanitario público, universal, gratuíto e de calidade.
- c) A **loita contra o corporativismo** e a integración dos lexítimos intereses particulares dos diferentes colectivos nunha concepción sindical global, de clase, e unha acción común.
- d) A **organización, o asesoramento e a defensa das condicións laborais, profesionais e sociais** das/os traballadoras/es do sector sanitario alí onde

Nos tempos que corren é vital afortalar a **nosa organización sindical, que ten unha traxectoria histórica de firmeza, coherencia, insubornábel, de confronto co sistema**, e constitúe unha alternativa ao sindicalismo español do pacto social e de colaboración co poder.

Faise preciso incrementar a base afiliativa e reforzar a presenza da CIG nos centros de traballo se queremos avanzar cara a unha saída á crise favorábel para a clase traballadora galega. **Sendo máis afiliados e afiliadas na CIG temos máis forza para combater** as reformas laborais, os recortes e perdas de dereitos, a destrución de emprego, o empobrecemento dos salarios, o retroceso nas condicións laborais, etc.

Canta máis CIG, canta máis e mellor organización, máis capacidade de organización para loitar, e polo tanto, máis capacidade de camiñar cara a soberanía nacional de Galiza como expresión da consecución dos obxectivos de emancipación da clase obreira galega.



## → Qué significa afiliarse?

Afiliarse é un **acto individual no que te sumas a este proxecto colectivo de clara defensa da clase traballadora galega**, e, como tal, tamén de defensa e reivindicación da Galiza como nación, e do pobo galego como suxeito do dereito a decidir por si propio, sen inxerencias nin dependencias.

Mais, ao mesmo tempo, é un **acto de compromiso e solidariedade**. Compromiso, porque no acto, manifestas que as túas inquietudes e pensamento sindical coinciden en gran parte cos postulados e opinións nosas, e solidariedade porque a cota sindical que pagas non é a compra dun servizo senón a contribución desinteresada para o mantemento da organización sindical que nos defende a todos/as como clase e como pobo. Tamén é un acto no que te comprometes a respaldar as mobilizacións e actos convocados polo sindicato sempre que poidas asumilos.

E é, ao fin, un acto no que co teu compromiso acadas tamén o **compromiso do colectivo de defenderte como traballadora ou traballador, dentro da defensa común e colectiva como clase**.

# CON MÁIS CIG, TI ES MÁIS FORTE. AFÍLIATE Á CIG-SAÚDE!

## ➔ Qué se financia coa túa cota sindical?

- ★ As campañas de mobilización e concienciación social.
- ★ A adquisición de edificios e locais do sindicato, así como o seu mantemento.
- ★ Os servizos de apoio á acción sindical:

-O **departamento de servizos xurídicos**, que cobre todo tipo de asesoramento e defensa en casos de despedimentos, reclamación de cantidades, vacacións, xornada laboral, pensións, prestacións por desemprego, etc, sendo totalmente gratuito este servizo a partir de levar cinco anos afiliado/a.

-Os **departamentos de asesoramento económico, laboral e de igualdade**, que cobren todo tipo de asesoramento en materia de informes para ERES, descolgues de convenios, economía social, plans e políticas de igualdade e conciliación, informes sobre novas ordes, decretos ou leis, etc. Totalmente gratuito.

-O **departamento de formación profesional**, que a través dun convenio coa fundación FORGA leva anos impartindo cursos de formación, nos nosos propios centros, nos que se formaron miles de traballadores/as, con fondos públicos e sen custo para o alumnado.

-O **Plan de Axuda Alimentaria Solidario da CIG**, creado nos últimos tempos coas achegas solidarias da afiliación para dar apoio a todos/as aqueles/as afiliados/as que como consecuencia da crise teñen dificultades para poder cubrir as necesidades máis básicas de alimentación. Somos a única central sindical en Galiza que temos operativo este servizo de axuda á afiliación.

-A **Caixa de Resistencia**, de apoio en caso de folga, posibilitando que os/as afiliados/as, que levan máis de tres meses de afiliación á central sindical, poidan cobrar até o equivalente do salario mínimo interprofesional, a partir do cuarto día de folga, este incluído, compensando así unha parte importante do salario perdido como consecuencia da folga. Este mecanismo tenlle servido até hoxe a moitos/as compañeiros/as afiliados/as para aguantaren a folga na súa empresa e permitirlle así gañar o conflito fronte á patronal. Somos a única central sindical en Galiza que temos operativo este servizo de apoio á afiliación.

-Outros **servizos de asesoramento**, como o apoio para a cumprimentación do Imposto da Renda.

## Para informarte e afiliarte:

- Ponte en contacto coa representación sindical da **CIG-Saúde** no teu centro ou nos locais sindicais.
- Chama por teléfono ou envía un correo electrónico ao local da CIG máis próximo ao teu enderezo.
- Descarga a folla de afiliación da páxina web da **CIG-Saúde**, cúbrea e envíaa ao local da CIG ou entrégalla á representación sindical da CIG no teu centro de traballo.



S A U D E

[www.cig-saude.info](http://www.cig-saude.info)

CIG-Saúde  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10  
15703 Santiago de Compostela

Teléfono 981 552 826  
Fax 981 571 082  
[executiva@cig-saude.info](mailto:executiva@cig-saude.info)